

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I1FM		18-08-16 09:16

Número 49 .- Adjudicación do contrato do servizo de xestión de actividades no centro xove de creación cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

Destinatario

15078DCMG10I1FMr



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 12 de agosto de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

49 .- ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE XESTIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO XOVE DE CREACIÓN CULTURAL E LOCAIS MUNICIPAIS DE MÚSICA PARA A XUVENTUDE DE COMPOSTELA.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Mocidade en funcións, de data 9 de agosto de 2016, así como do informe favorable da Interventora, de 11.8.16, nº 458/2016.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**María Rozas Pérez**, concelleira delegada de mocidade en funcións (decreto Alcaldía 29/7/2016), e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo de xestión de actividades no Centro Xove de Creación Cultural e locais municipais de música para a xuventude de Compostela", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

EXPÓN:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
CMG10I1FM		18-08-16 09:16

Primeiro: Con data 26 de xullo de 2016, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador SERVIPLUSTOTAL SLU.

Segundo: Con data 9 de agosto, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **SERVIPLUSTOTAL SLU**, que oferta realizar os traballos por un importe de **45.588 euros** (IVE aparte 21%: 9.573'48 euros), ó ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a subrogación do persoal actual e unha mellora do salario bruto mensual dos traballadores adscritos ó contrato, así como un detallado plan de formación para os mesmos.

Designase como responsable do contrato a D. Enrique Vázquez Naveira, xefe de xuventude.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 19.656 euros.

Anualidade 2017: 58.968'01 euros.

Anualidade 2018: 39.312'01 euros."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **SERVIPLUSTOTAL SLU**, que oferta realizar os traballos por un

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG10I1FM	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 18-08-16 09:16

importe de **45.588 euros** (IVE aparte 21%: 9.573'48 euros), ao ser a súa a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo, compromete a subrogación do persoal actual e unha mellora do salario bruto mensual dos traballadores adscritos ao contrato, así como un detallado plan de formación para os mesmos.

Designar como responsable do contrato a D. Enrique Vázquez Naveira, xefe de xuventude.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 22799**, reservándose as cantidades seguintes en función das respectivas anualidades e condicionado, non obstante, á súa inclusión nos correspondentes exercicios orzamentarios:

Anualidade 2016: 19.656 euros.

Anualidade 2017: 58.968'01 euros.

Anualidade 2018: 39.312'01 euros.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA
CIDADE DE SANTIAGO**

Asdo: **Jorge Duarte Vázquez**

